



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN

E OU. IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1

15920 RIANXO

(981-843700 2 981-843701

ies.felix.muriel@edu.xunta.es

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÊS

2º ESO

IES FÉLIX MURIEL

PROFESORA: Amparo Cereixo Silva



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN

E OU. IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1
15920 RIANXO
(981-843700 2 981-843701
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

ÍNDICE

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	3	4. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	7
2. AVALIACIÓN: PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS	6	5. ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE	7
3. CUALIFICACIÓN FINAL	7	6- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	8



1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
<p>Bloque 1. Comprensión de textos orais</p> <p>1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p> <p>1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas, sobre situacións habituais de comunicación, sobre temas cotiás habituais e de necesidade inmediata, sempre e cando se fala con lentitude e articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>Bloque 1. Comprensión de textos orais</p> <p>1.1 Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos.</p> <p>1.2 Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.), e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>1.3 Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet</p> <p>1.4 Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares..</p> <p>1.5 Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala.</p>
<p>Bloque 2. Producción de textos orais</p> <p>2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan algúns erros de pronuncia.</p> <p>2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas,</p>	<p>Bloque 2. Producción de textos orais.</p> <p>2.1 Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas.</p> <p>2.2 Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e</p>



agradecementos...

2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.

presentacións, colaborando para entender e facerse entender.

2.3 Fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre.

2.4 Desenvólvese en situacións moi habituais, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns.

2.5 Participa en conversas informais breves e moi básicas: intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.

2.6 Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles.

a) Utiliza as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.

3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves propios de

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

3.1 Comprende: o textos adaptados relativos a temas do seu interese (avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas de estrutura moi sinxela, se contan con apoio visual; información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve).



situacións cotiás (invitacións, felicitacións, notas, xogos...), moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.

3.2 Localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos, próximos á súa idade e á súa experiencia.

Bloque 4. Producción de textos escritos

- 4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.
- 4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.
- 4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
- 4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

Bloque 4. Producción de textos escritos.

- 4.1 Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.
- 4.2 Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica.
- 4.3 Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.
- 4.4 Escribe correspondencia breve e sinxela, a partir dun modelo (tanto de forma manuscrita como en formato dixital).

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural

- 5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.
- 5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.
- 5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural

- 5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e bastantes trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
- 5.2 Utiliza –con axuda do profesorado- as convencións orais e escritas básicas (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en



interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.

5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.

aspectos culturais como hábitos, horarios, etc

5.3 Nas actividades de aula, fai hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

5.4 Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

5.6 Comprende o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula.

2 AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

<p>Comprensión de textos orais: 20% Actividades escritas a partir de escoitas en formato audiovisual ou simplemente audio con respostas breves</p>	<p>Producción de textos orais: 30% Exposicións orais breves –gravacións de audios- e intervencións na aula</p>
<p>Comprensión de textos escritos: 20% Actividade de comprensión a partir de breves textos escritos adaptados á súa idade, coñecementos, intereses... con respostas breves.</p>	<p>Producción de textos escritos: 25% Textos escritos que realizará o alumnado a partir de esquemas fixos e nos cales se terá en conta a riqueza lingüística e mais a presentación da tarefa (Indicacións do Caderno TIL)</p>
<p>Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe: 5% Observación directa a través dos correos electrónicos</p>	



intercambiados coa profesora nos cales respecta as fórmulas de cortesía, saúdo, despedida...

3 CUALIFICACIÓN FINAL

Consideramos que na ESO todo o rexe o principio de avaliación continua e o desenvolvemento das competencias clave, máis alá da aprendizaxe e avaliación de contidos conceptuais. Xa que logo, desde o respecto ao proceso de **avaliación continua**, non podemos diferenciar as avaliacións con porcentaxes distintas para cada unha, posto que acadar os obxectivos na 3ª avaliación, implica acadar os obxectivos do curso.

Dada a situación derivada do estado de alarma, neste curso 2019-2020 **a cualificación da avaliación ordinaria será igual ou superior á obtida na 2ª avaliación.**

As tarefas realizadas durante o 3º trimestre, vía telemática e/ou presencial, só serán tidas en conta sempre e cando a súa cualificación sexa igual ou superior á obtida na 2ª avaliación.

4 PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Na 2ª avaliación da materia de *Segunda lingua estranxeira: portugués* todo o alumnado superou a materia, de aí que non haxa alumnado pendente da realización da proba extraordinaria de setembro.

5 ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE

Na materia de *Segunda lingua estranxeira: portugués* en 2º ESO non temos alumnado coa materia de 1º ESO pendente.



6 METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

As tarefas pendúranse na **Aula Virtual quincenalmente** e indícanse os prazos de entrega (se ben son bastante flexibles) e infórmase ao alumnado por medio do correo electrónico e o Abalar Móbil. No caso de tarefas máis breves e puntuais pódense indicar semanalmente.

A corrección das tarefas por parte do alumnado realízase a través do correo electrónico e, tamén a través deste medio, se solucionan as dúbidas que van xurdindo.

Tarefas do 3º trimestre:

- **Unha canción en lingua portuguesa.**
 - Procura dunha canción en lingua portuguesa e xustificar a escolla.

- **Tarefa 1.**
 - Actividades de reforzo de contidos gramaticais e vocabulario
 - Tarefas de comprensión e expresión escrita
 - Tarefa de comprensión oral.

- **Trabalho Abril 2020**
 - Actividades de comprensión de textos escritos con preguntas sobre o texto.



- Actividades de comprensión oral a partir dun vídeo, con cuestións sobre o vídeo.

- **Atividade do 27 de Abril ao 7 de Maio**

- Actividades de comprensión oral con cuestión sobre os distintos audios.
- Actividades de comprensión e expresión escrita.
- O 25 de abril: visionado dun vídeo sobre o 25 de abril e procura de información sobre a música desta data histórica: autores, canción e letra.

- **Atividades do 18 de Maio ao 1 de Junho. Como vais para a casa?**

- Actividades de léxico
- Actividades de comprensión oral e comprensión escrita.

- **Atividade do 1 de Junho ao 10 de Junho**

- Visionado de “A flor mais grande do mundo” (<https://www.youtube.com/watch?v=YUJ7cDSuS1U>) e procura de información sobre o autor do conto: José Saramago
- Elaboración dun vídeo no cal se presente o autor e se resuma a historia narrada.